

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A FUNDACIÓN TRASLATIO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO “RUTA IACOBUS MARIS 2022”

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente de Turismo de Galicia

#### DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa Fundación Traslatio o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2022.

Que o instrumento convencional ten como obxecto establecer as condicións para a colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Fundación Traslatio para o desenvolvemento do proxecto “Ruta Iacobus Maris 2022”.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

**Primeiro.-** A Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, ten como obxectivo, impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade e a conservación e promoción dos Camiños de Santiago.

No artigo 9 dos Estatutos da Axencia Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, establécense entre as súas funcións ou competencias a dirección das actuacións relacionadas coa posta en valor cultural e turístico do Camiño



de Santiago, a súa promoción, a xestión da imaxe corporativa do Xacobeo e da rede de albergues, e o mantemento e conservación dos camiños e a súa sinalización, así como calquera outra acción que redunde en beneficio do Camiño de Santiago.

**Segundo.-** Os Camiños de Santiago supoñen historicamente un constante fluxo de peregrinos e peregrinas que, no seu itinerario cara a Santiago de Compostela, veñen construindo unha cultura común europea ao longo de máis de mil anos de historia en común.

A política desenvolvida pola Xunta de Galicia a principios dos anos noventa do pasado século revitalizou os Camiños de Santiago e fixo que nas últimas décadas estes Camiños experimentasen un extraordinario auxe, vivindo un novo tempo de peregrinación, de intercambio de ideas, de culturas e de nacionalidades, que converten aos Camiños de Santiago e a Galicia en elementos referenciais en Europa e en gran parte do mundo.

Non se pode esquecer, ademais da vertente cultural e relixiosa, o efecto económico e xerador de riqueza que supoñen os Camiños de Santiago, especialmente nos anos santos, afectando non só a cidade de Santiago de Compostela senón a todo o territorio galego.

Así, a celebración do Ano Santo Xacobeo no ano 2022 constitúe para a Comunidade Autónoma de Galicia unha oportunidade de potenciación de Galicia, así como de promoción e de reforzo da dimensión internacional dos Camiños de Santiago e da propia Comunidade, e leva aparelado un amplo despregamento de actuacións en distintos ámbitos.

**Terceiro.-** A Fundación Traslatio foi creada en 2016 pola Asociación de Amigos da Ruta Marítima do Apóstolo Santiago a Galicia e outras persoas físicas e xurídicas co obxectivo de realizar cada ano santo, ou cando os patronos o estimen conveniente, a ruta de peregrinación seguida polo corpo do Apóstolo dende o Mar Mediterráneo a Galicia.

Os fins desta fundación son:



- Difundir e promover o Camiño de Santiago, en especial a través da tradición da Traslatio. O carácter xacobeo e marítimo desta tradición serán os valores informadores que, indisociablemente, informarán os fins e actividades da Fundación.
- Difundir e promover a práctica da vela en grandes veleiros, por toda a xeografía española, sen prexuízo do ámbito internacional, favorecendo a interrelación cultural e entre a xuventude.
- Difundir e promover o patrimonio cultural, material e inmaterial, da vila de Bouzas e de Vigo, a tradición do Cabaleiro das Cunchas en tanto feito esencialmente relacionado coa Traslatio e, en xeral, da Tradición Xacobeá e as súas rutas marítimas.
- Promover internacionalmente a peregrinación por mar a Santiago de Compostela.
- Promover internacionalmente a difusión turística asociada ao feito Xacobeo e á Traslatio.
- Fomentar o recoñecemento da historia e patrimonio inmaterial da Confraría do Santísimo Cristo dos Aflixidos en tanto institución que recuperou a tradición do Cabaleiro das Cunchas como elemento integrante da Traslatio e de singular relevancia na Tradición Xacobeá.

**Cuarto.-** Neste ano 2022 terá lugar a Ruta Iacobus Maris 2022, que será a peregrinación marítima a Santiago de Compostela máis longa da Historia.

A Ruta Iacobus Maris 2022 consistirá en 4 semanas de navegación entre os meses de xuño e xullo de 2022, coincidindo co Ano Santo, visitando cidades cargadas de historia. Partirá do porto italiano de Xénova, con escalas en Valencia, Sevilla e Porto (Portugal), finalizando a parte marítima en Vigo.

Finalmente, e para gañar a acreditación do peregrino náutico, a Compostela, dedicarase unha xornada a peregrinar a Santiago de Compostela e á súa milenaria Catedral.

**Quinto.-** O proxecto a desenvolver entre a Axencia Turismo de Galicia e a Fundación Traslatio a través do presente convenio de colaboración é a promoción, difusión e



organización da Ruta Iacobus Maris 2022, o cal responde ao interese común de ambas as dúas partes. Ademais contribuirá á promoción e divulgación ao longo de toda esta ruta tanto do Xacobeo 2022 como da cultura xacobeá, e porá en valor as rutas e a peregrinación ao Camiño de Santiago como recurso estrela da Comunidade Autónoma de Galicia.

Por parte da Axencia Turismo de Galicia considérase axeitado, por razóns de interese público, colaborar nas actuacións obxecto do presente convenio coa Fundación Traslatio dadas as específicas características desta entidade, xa que é a única capaz de desenvolver o obxecto deste convenio, razóns polas que non é posible subscribir un convenio con ningunha outra entidade.

**Sexto.-** A colaboración público privada na consecución destes fins comúns xustifica a sinatura do presente convenio.

Por todo o exposto, as partes formalizan este convenio de colaboración.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

